



Proceso selectivo para o ingreso como persoal laboral fixo do persoal da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia mediante o sistema de concurso-oposición pola quenda de acceso libre.

Categoría: Titulado/a Medio/a

Primeiro exercicio

Opción: Galego

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique
--

1.- De acordo co artigo 102 da Constitución Española, a responsabilidade criminal do Presidente e demais membros do Goberno será esixible ante a:

- a) Sala do Penal da Audiencia Nacional.
- b) Sala do Penal do Tribunal Supremo.
- c) Sala primeira do Tribunal Constitucional.
- d) Sala segunda do Tribunal Constitucional.

2.- En relación coa moción de censura e de acordo co artigo 113 da Constitución Española, cal destas afirmacións é verdadeira?:

- a) Será proposta polo menos pola cuarta parte dos Deputados.
- b) Se as cámaras negan a súa confianza ao Goberno, este presentará a súa dimisión ao Rei.
- c) Se a moción de censura non fose aprobada polo Congreso, non se poderá presentar outra durante o mesmo período de sesións.
- d) O Congreso dos Deputados pode esixir a responsabilidade política do Goberno mediante a adopción por maioría absoluta da moción de censura.

3.- Segundo o artigo 162 da Constitución Española, están lexitimados para interpoñer o recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional:

- a) Toda persoa natural ou xurídica que invoque un interese xeral.
- b) O Defensor do Pobo.
- c) Os españois maiores de idade.
- d) Os membros do Consello Xeral do Poder Xudicial.

4.- De acordo co artigo 134 da Constitución Española, cal das seguintes afirmacións é FALSA en relación cos orzamentos xerais do Estado?:

- a) Os orzamentos xerais do Estado terán carácter anual, incluírán a totalidade dos gastos e ingresos do sector público estatal.
- b) Corresponde ao Goberno a elaboración dos orzamentos xerais do Estado e ás Cortes Xerais, o seu exame, emenda e aprobación.
- c) A lei de orzamentos xerais do Estado pode crear novos tributos.
- d) O Goberno deberá presentar ante o Congreso dos Deputados os orzamentos xerais do Estado polo menos tres meses antes da expiración dos do ano anterior.

5.- De acordo co artigo 27 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia, corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva da seguinte materia:

- a) Propiedade industrial e intelectual.
- b) Réxime xurídico dos montes veciñais en man común.
- c) Salvamento marítimo.
- d) Entidades cooperativas.

6.- En relación co artigo 10 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia, cal das seguintes NON é unha función do Parlamento de Galicia?:

- a) Designar para cada lexislatura das Cortes Xerais aos Senadores representantes da Comunidade Autónoma Galega, de acordo co previsto no artigo sesenta e nove, apartado cinco, da Constitución.
- b) Elixir e nomear de entre os seus membros ao Presidente da Xunta de Galicia.
- c) Esixir, no seu caso, responsabilidade política á Xunta e ao seu Presidente.
- d) Interpoñer recursos de inconstitucionalidade e persoarse ante o Tribunal Constitucional nos supostos e nos termos previstos na Constitución e na Lei Orgánica do Tribunal Constitucional.

7.- Segundo o artigo 22 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia, a competencia dos órganos xurisdiccionais en Galicia esténdese:

- a) Na orde penal, a todas as instancias e graos, con excepción dos recursos de casación e de reposición.
- b) Na orde civil, a todas as instancias e graos, incluídos os recursos de casación e de revisión nas materias de Dereito Civil galego.
- c) Na orde social, a todas as instancias e graos, incluídos os recursos de casación e de revisión.
- d) Na orde contenciosa-administrativa, a todas as instancias e graos, incluídos os recursos de casación e de revisión, cando se trate de actos ditados pola Xunta e pola Administración do Estado en Galicia.

8.- En relación co artigo 10 do Tratado da Unión Europea, cal das seguintes afirmacións é FALSA?:

- a) O funcionamento da Unión baséase na democracia representativa.
- b) Os cidadáns estarán directamente representados na Unión a través do Parlamento Europeo.
- c) Os Estados membros estarán representados no Consello Europeo polo seu Xefe de Estado e no Consello polo seu Presidente do Goberno.
- d) Os partidos políticos a escala europea contribuirán a formar a conciencia política europea e a expresar a vontade dos cidadáns da Unión.

9.- Segundo o artigo 13 do Tratado da Unión Europea, cal das seguintes institucións non está considerada como institución da Unión Europea?:

- a) Parlamento Europeo.
- b) Banco Central Europeo.
- c) Comité das Rexións.
- d) Tribunal de Contas.

10.- De acordo co artigo 15 do Tratado da Unión Europea, o Consello Europeo elixirá ao seu Presidente por:

- a) Maioría dos seus membros para un mandato de dous anos e medio, que poderá renovarse unha sola vez.
- b) Maioría cualificada para un mandato de dous anos e medio, que poderá renovarse unha sola vez.
- c) Maioría cualificada para un mandato de catro anos.
- d) Maioría cualificada para un mandato de catro anos, que poderá renovarse unha sola vez.

11.- O presidente do Banco Central Europeo, elixido de entre persoas de recoñecido prestixio e experiencia profesional en asuntos monetarios ou bancarios, será nomeado por:

- a) O Consello Europeo, por maioría dos seus membros.
- b) O Consello Europeo, por maioría cualificada.
- c) A Comisión, por maioría dos seus membros.
- d) A Comisión, por maioría cualificada.

12.- Segundo o artigo 49 do Tratado da Unión Europea, un Estado europeo que queira ingresar na Unión Europea solicitarao ao Consello, e este:

- a) Pronunciarase por unanimidade despois de consultar á Comisión e previa aprobación do Parlamento Europeo por maioría cualificada dos membros que o compoñen.
- b) Pronunciarase por maioría despois de consultar á Comisión e previa aprobación do Parlamento Europeo por maioría dos membros que o compoñen.
- c) Pronunciarase por unanimidade despois de consultar á Comisión e previa aprobación do Parlamento Europeo por maioría de dous terzos dos membros que o compoñen.
- d) Pronunciarase por unanimidade despois de consultar á Comisión e previa aprobación do Parlamento Europeo por maioría dos membros que o compoñen.

13.- De acordo co artigo 50 do Tratado da Unión Europea, un Estado que queira retirarse da Unión Europea debe notificar a súa intención:

- a) Ó Consello Europeo.
- b) Ó Parlamento Europeo.
- c) Ó Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade.
- d) Á Comisión Europea.

14.- Na actualidade, cantos eurodiputados ten asignados España no Parlamento Europeo?:

- a) 71.
- b) 61.
- c) 63.
- d) 59.

15.- Segundo o artigo 3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, quen ten capacidade de obrar ante as Administracións Públicas?:

- a) Os menores de idade, pero maiores de 14 anos, para o exercicio e defensa daqueles dos seus dereitos e intereses cuxa actuación estea permitida polo ordenamento xurídico.
- b) As persoas físicas ou xurídicas que ostenten capacidade de obrar conforme ás normas civís.
- c) Os grupos de afectados.
- d) As persoas físicas que ostenten capacidade de obrar conforme ás normas mercantís.

16.- De acordo co disposto no artigo 20 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os titulares das unidades administrativas e o persoal ao servizo das Administracións Públicas que tivesen ao seu cargo a resolución ou o despacho dos asuntos:

- a) Serán responsables da súa tramitación.
- b) Serán os encargados de tramitar ou resolver os recursos administrativos.
- c) Non poderán ter relación algunha co interesado.
- d) Serán os responsables do arquivo dos documentos.

17.- O artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, o silencio administrativo ten efectos desestimatorios nos procedementos:

- a) De responsabilidade mercantil das Administracións Públicas.
- b) Nos que estea previsto nunha norma regulamentaria.
- c) Relativos ao dereito de petición indicado no artigo 29 da Constitución.
- d) Que impliquen actividades que poidan ser beneficiosas para o medio ambiente.

18.- De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos. A dita ampliación:

- a) Será publicada para coñecemento de todos os afectados no procedemento.
- b) Poderá ser notificada aos interesados.
- c) Será pola metade dos prazos establecidos.
- d) Non excederá da metade dos prazos establecidos.

19.- De acordo co regulado no artigo 44 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, non se pode interpoñer recurso especial contra:

- a) Contratos de obras con valor estimado superior a 3.000.000 €.
- b) Contratos de subministracións con valor estimado superior a 100.000 €.
- c) Contratos de servizos con valor estimado superior a 100.000 €.
- d) Contratos de concesión de servizos con valor estimado superior a 100.000 €.

20.- De acordo co artigo 63 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, NON terá que publicarse no perfil do contratante:

- a) A resolución de adxudicación do contrato.
- b) O nomeamento do responsable do contrato.
- c) O informe de insuficiencia de medios nos contratos de servizos.
- d) Todas as actas da Mesa de contratación.

21.- Segundo o artigo 102 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e en relación ao prezo do contrato:

- a) Os contratos do sector público terán sempre un prezo certo.
- b) O prezo terá que expresarse en euros.
- c) O prezo do contrato terá que formularse en termos de prezos unitarios.
- d) En xeral os prezos fixados nos contratos do sector público deberán ser revisados.

22.- Segundo a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, quen elixe ao presidente da Xunta de Galicia?:

- a) O Rei, mediante real decreto.
- b) O Parlamento de Galicia de entre os seus membros.
- c) A Xunta de Galicia por maioría absoluta.
- d) O presidente do Parlamento de Galicia.

23.- Segundo o artigo 4 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, cal das seguintes atribucións corresponde á Xunta de Galicia?:

- a) Convocar eleccións ao Parlamento de Galicia.
- b) Nomear aos vicepresidentes e conselleiros.
- c) Aprobar os proxectos de lei para a súa remisión ao Parlamento.
- d) Disolver o Parlamento baixo a súa exclusiva responsabilidade.

24.- Segundo o artigo 2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Está integrada por entidades con personalidade xurídica propia e independente.
- b) Actúa con personalidade xurídica única.
- c) Carece de personalidade xurídica.
- d) Actúa unicamente a través das consellerías.

25.- Segundo o artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, cal das seguintes competencias NON pode ser obxecto de delegación?:

- a) A xestión de subvencións.
- b) A resolución de expedientes administrativos ordinarios.
- c) A aprobación de regulamentos.
- d) A tramitación de procedementos.

26.- Segundo o artigo 5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a competencia dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia é:

- a) Renunciable mediante acordo do órgano competente.
- b) Delegable en calquera suposto.
- c) Irrenunciable.
- d) Transferible libremente a entidades privadas.

27.- De acordo co artigo 103 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, cal das seguintes afirmacións sobre as sociedades mercantís públicas autonómicas é correcta?:

- a) Réxense exclusivamente polo dereito administrativo e poden exercer potestades administrativas dentro do seu ámbito competencial.
- b) Réxense polo ordenamento xurídico privado e, en ningún caso, poden dispoñer de facultades que impliquen o exercicio de potestades administrativas.
- c) Réxense polo dereito privado, salvo en materia orzamentaria, da que quedan excluídas de calquera control público.
- d) Poden exercer potestades administrativas cando así o autorice o Consello da Xunta de Galicia.

28.- Segundo o artigo 26 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, quen nomea as persoas titulares das secretarías xerais?:

- a) A persoa titular da consellería correspondente.
- b) O Parlamento de Galicia.
- c) O Consello da Xunta mediante decreto.
- d) A Presidencia da Xunta mediante orde.

29.- Segundo o artigo 24.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que se entende por información pública?:

- a) Exclusivamente os documentos administrativos finalizados e arquivados.
- b) Os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que estean en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da lei e fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións.
- c) Unicamente a información publicada no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.
- d) Os documentos elaborados polas administracións públicas con exclusión das entidades instrumentais.

30.- Segundo o artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, cal é o prazo máximo para notificar a resolución dunha solicitude de acceso á información pública?:

- a) Dez días hábiles desde a presentación da solicitude.
- b) Quince días naturais desde a recepción da solicitude.
- c) Un mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.
- d) Tres meses desde a entrada da solicitude no rexistro electrónico.

31.- Segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, quen poden ter a condición de beneficiarios dunha subvención?:

- a) Unicamente as persoas físicas.
- b) Só as administracións públicas e os seus organismos dependentes.
- c) As persoas físicas ou xurídicas que deban realizar a actividade que fundamenta o seu outorgamento ou que se atopen na situación que lexítima a súa concesión.
- d) Exclusivamente as entidades sen ánimo de lucro.

32.- Segundo o artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando poderán concederse subvencións en réxime de concorrencia non competitiva?:

- a) Cando todas as solicitudes deban ser valoradas por unha comisión técnica independente.
- b) Cando a concesión e contía da subvención veñan impostas á Administración por unha norma con rango de lei.
- c) Cando non sexa necesaria a comparación e prelación das solicitudes entre si, concedéndose as axudas a quen reúna os requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.
- d) Cando o importe da subvención sexa inferior a 3.000 euros.

33.- Segundo o artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora cando:

- a) O beneficiario cambie o seu domicilio fiscal durante a execución da actividade subvencionada.
- b) A subvención concedida sexa inferior á solicitada inicialmente.
- c) Se obteña a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.
- d) O beneficiario presente a xustificación fóra de prazo, aínda que fose admitida pola Administración.

34.- Segundo o artigo 8 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, constitúe discriminación prohibida:

- a) O trato menos favorable dado a unha persoa por ter solicitado, gozado ou estar gozando de dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- b) Unicamente o trato desfavorable dado ás mulleres por maternidade.
- c) Exclusivamente o trato desfavorable dado aos homes por paternidade.
- d) Calquera diferenza de trato derivada da antigüidade no posto de traballo.

35.- Consonte o artigo 4 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, a actividade económica-financeira da Comunidade Autónoma de Galicia estará sometida aos principios de:

- a) Control interno, contabilidade e unidade de caixa.
- b) Eficacia e eficiencia.
- c) Equidade, solidariedade e equilibrio territorial.
- d) Legalidade, economía e equilibrio territorial.

36.- Segundo o artigo 5 do Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, regularanse por Lei do Parlamento de Galicia:

- a) A determinación das directrices básicas de política económica e financeira, de acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia.
- b) O establecemento, a modificación e a supresión das recargas sobre os impostos propios.
- c) Os Convenios e acordos de cooperación coas entidades locais.
- d) O réxime e a concesión de avals e outras garantías pola Comunidade Autónoma.

37.- De conformidade co establecido no artigo 16 do Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, a administración dos recursos específicos dos organismos autónomos e demais entes públicos con personalidade xurídica propia para o cumprimento dos seus fins, corresponde a:

- a) A Consellería de Economía e Facenda.
- b) A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
- c) Os seus órganos reitores.
- d) Á consellería á que estean adscritos.

38.- De acordo co artigo 49 do Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia:

- a) Os estados de gastos confeccionaranse aplicando unha clasificación funcional por capítulos, artigos e conceptos.
- b) Nos créditos para gastos correntes distinguíranse os de funcionamento dos servizos, os gastos financeiros e as transferencias correntes.
- c) Nos créditos para gastos de capital distinguírase o axente que realiza o gasto e o programa funcional segundo a natureza do mesmo.
- d) Os estados de ingresos presentarán unha clasificación funcional, orgánica e económica.

39.- Conforme ao disposto no artigo 107 do Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, o control financeiro ordinario enmarcará a súa actuación nun plan anual de auditorías que debe realizarse en cada exercicio, cuxa elaboración corresponde:

- a) Á Intervención Xeral da Comunidade.
- b) Á Consellería de Economía e Facenda.
- c) Ao Tribunal de Contas.
- d) Ao Consello de Contas de Galicia.

40.- De acordo co disposto no artigo 20 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, a mutación demanial:

- a) Implica en todo caso a alteración da adscrición orgánica dos bens ou dereitos do patrimonio da Comunidade Autónoma.
- b) Implica a transferencia de titularidade dos bens ou dereitos do patrimonio da Comunidade Autónoma.
- c) Implica a modificación dos fins específicos aos que os bens ou dereitos do patrimonio da Comunidade Autónoma se vinculan.
- d) Implica unicamente o cambio de cualificación xurídica dos bens ou dereitos do patrimonio da Comunidade Autónoma.

41.- Conforme ao disposto no artigo 65 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, na Administración xeral da Comunidade Autónoma a competencia para adquirir a título oneroso bens inmoables e dereitos sobre os mesmos corresponde, mediante orde:

- a) Ao Consello da Xunta de Galicia.
- b) Á persoa titular da consellería competente en materia de patrimonio.
- c) Á consellería competente en materia de economía.
- d) Á consellería interesada.

42.- De acordo co apartado 7 do artigo cuarto da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, en que prazo o sindicato adquire personalidade xurídica e plena capacidade de obrar dende o depósito dos estatutos:

- a) 10 días hábiles.
- b) 10 días naturais.
- c) 20 días hábiles.
- d) 20 días naturais.

43.- O artigo dez da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, regula o número de delegados sindicais por cada sección sindical. No caso dos sindicatos que non obtiveran o 10% dos votos na elección ao Comité de Empresa ou órgano de representación das Administracións Públicas e á falta de acordos específicos ao respecto, o número de delegados sindicais será de:

- a) Un.
- b) Dous.
- c) Ningún.
- d) Tres.

44.- De acordo co artigo sexto da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical as organizacións que teñan a consideración de sindicato máis representativo gozarán de capacidade representativa a tódolos niveis territoriais e funcionais para:

- a) Obter cesións permanentes no uso de inmobles patrimoniais públicos nos termos que se establezan legalmente.
- b) A negociación colectiva, nos termos previstos na Constitución Española.
- c) Ostentar representación institucional ante as Administracións Públicas ou outras entidades e organismos soamente de carácter estatal.
- d) Participar como interlocutores na determinación das condicións de traballo nas Administracións públicas a través dos oportunos procedementos de consulta ou negociación.

45.- Conforme ao artigo 7 do Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, poderán contratar a prestación do seu traballo:

- a) Os maiores de dezaseis anos que vivan de forma independente, sen necesidade de autorización algunha.
- b) Os estranxeiros, de acordo co disposto na lexislación específica sobre a materia.
- c) Solo os maiores de dezoito anos e os estranxeiros que cumpran o establecido na normativa específica sobre a materia.
- d) Os menores de dezoito anos e maiores de catorce anos, que vivan de forma independente, con consentimento dos pais ou titores legais.

46.- O artigo 15 do Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, regula aspectos da duración do contrato de traballo. Sinala que afirmación é FALSA:

- a) O contrato de traballo presúmese concertado coa modalidade de duración determinada.
- b) O contrato de traballo presúmese concertado por tempo indefinido.
- c) O contrato de traballo de duración determinada poderá celebrarse por circunstancias da produción.
- d) O contrato de traballo de duración determinada poderá celebrarse por substitución da persoa traballadora.

47.- De acordo co artigo 15 do Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, o contrato de duración determinada por circunstancias da produción motivado polo incremento ocasional e imprevisible da actividade normal da empresa terá, con carácter xeral, unha duración máxima de:

- a) Exclusivamente seis meses.
- b) Dezoito meses.
- c) Seis meses nun período de quince meses.
- d) Seis meses, ampliable a un ano por convenio colectivo de ámbito sectorial.

48.- Segundo o artigo 32 bis da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, considéranse recursos preventivos, aos que o empresario poderá asignar a presenza, os seguintes:

- a) Un ou varios traballadores designados da empresa.
- b) Un ou varios membros do servizo de prevención das contratas da empresa.
- c) Un ou varios membros dos servizos de prevención alleos concertados polas contratas da empresa.
- d) Un ou varios membros do servizo de prevención dunha ETT.

49.- Segundo o artigo 4 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, aos efectos da presente Lei e das normas que a desenvolvan, entenderase por prevención:

- a) O conxunto de actividades ou medidas adoptadas ou previstas en todas as fases de actividade da empresa co fin de evitar ou diminuír os riscos derivados do traballo.
- b) As medidas que evitan a posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo.
- c) As actuacións que evitan os danos derivados do traballo, as enfermidades, as patoloxías ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.
- d) O conxunto de actividades e medidas adoptadas e previstas en todas as fases de actividade da empresa co fin de eliminar os riscos derivados do traballo.

50.- Segundo o artigo 30 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sobre protección e prevención de riscos profesionais, as persoas ou entidades especializadas que pretendan desenvolver a actividade de auditoría do sistema de prevención:

- a) Haberán de contar con autorización da autoridade laboral e da empresa a que pertenza.
- b) Haberán de contar cunha única autorización da autoridade laboral, que terá validez en todo o territorio español.
- c) Haberán de contar con unha única autorización da empresa a que pertenza.
- d) Non necesitan ningún tipo de autorización a maiores que a propia formación en prevención de riscos laborais.

51.- Segundo o artigo 22 do Convenio colectivo da CSAG a adscrición de persoal fixo a prazas vacantes do cadro de persoal nos centros de traballo permanentes poderá realizarse con carácter:

- a) Temporal ou provisional.
- b) Temporal.
- c) Provisional.
- d) Definitivo.

52.- Segundo o artigo 28 do Convenio colectivo da CSAG o criterio de excepcionalidade aplicarase sobre as categorías correspondentes aos niveis:

- a) Do 1 ao 5, ambos incluídos.
- b) Do 1 ao 7.
- c) Do 1 ao 9.
- d) Do 6 ao 9.

53.- Segundo o artigo 43 do Convenio colectivo da CSAG poderán solicitar excedencia voluntaria os/as traballadores/as cunha antigüidade de polo menos:

- a) 1 día.
- b) 6 meses.
- c) 1 ano.
- d) 5 anos.

54.- De acordo co artigo 1 do Real Decreto 1435/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral especial dos artistas en espectáculos públicos, é de aplicación esta norma a:

- a) Unicamente a persoas artistas que desenvolven a actividade en artes escénicas, audiovisuais e musicais.
- b) Persoas artistas que desenvolven a súa actividade en artes escénicas, así como as persoas que realizan actividades técnicas ou auxiliares secundarias que non son necesarias para o desenvolvemento de dita actividade.
- c) Persoas artistas que desenvolven a súa actividade en artes escénicas, audiovisuais e musicais, así como as persoas que realizan actividades técnicas ou auxiliares necesarias para o desenvolvemento de dita actividade.
- d) Persoas artistas que desenvolven a súa actividade en artes escénicas e audiovisuais, así como as persoas que realizan actividades técnicas ou auxiliares necesarias para o desenvolvemento de dita actividade.

55.- O artigo sétimo da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, establece que será requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas que a cantidade percibida por ambos postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos Orzamentos Xerais do Estado para o cargo de Director Xeral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada no caso dos funcionarios de grupo A ou persoal de nivel equivalente nunha porcentaxe. Sinala o correcto:

- a) 35%.
- b) 50%.
- c) 30%.
- d) 45%.

56.- O artigo 5 do Real Decreto 1435/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral especial dos artistas en espectáculos públicos, establece a duración e modalidades do contrato de traballo. Sinala a resposta FALSA:

- a) O contrato de traballo das persoas artistas que desenvolven a súa actividade nas artes escénicas, a actividade audiovisual e a música, poderá celebrarse para unha duración indefinida ou por tempo determinado.
- b) O contrato laboral artístico de duración determinada, que solo se celebrará para cubrir necesidades temporais da empresa, poderá ser para unha o varias actuacións, por un tempo certo, por unha tempada ou polo tempo que unha obra permaneza en cartel, ou polo tempo que duren as distintas fases de produción.
- c) En ningún caso poderán autorizarse prórrogas sucesivas do contrato laboral artístico de duración determinada.
- d) Os contratos previstos no apartado dous deste artigo poden realizarse con persoal técnico e auxiliar que desenvolva actividades na execución directa e exclusiva da actividade que xustifique a realización do contrato artístico, salvo que se trate de actividades estruturais ou permanentes do empregador.

57.- O artigo 2 do Real Decreto 1435/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral especial dos artistas en espectáculos públicos, regula a capacidade para contratar. En relación coa contratación de menores:

- a) A autoridade laboral poderá autorizar excepcionalmente a participación de menores de 14 anos en espectáculos públicos, sempre que non supoña un perigo para a súa saúde física nin para a súa formación profesional e humana.
- b) A autoridade laboral poderá autorizar excepcionalmente a participación de menores de 16 anos en espectáculos públicos, sempre que non supoña un perigo para a súa saúde física nin para a súa formación profesional e humana.
- c) A autoridade laboral poderá autorizar excepcionalmente a participación de menores de 18 anos en espectáculos públicos, sempre que non supoña un perigo para a súa saúde física nin para a súa formación profesional e humana.
- d) A autoridade laboral nunca poderá autorizar excepcionalmente a participación de menores de 16 anos en espectáculos públicos, aínda que non supoña un perigo para a súa saúde física nin para a súa formación profesional e humana.

58.- O período de preaviso da extinción do contrato á persoa afectada, salvo pacto en contrario, de acordo co artigo 10 do Real Decreto 1435/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral especial dos artistas en espectáculos públicos:

- a) Será de 15 días de antelación se a súa duración foi superior a 3 meses, de 20 días se foi superior a 6 meses e de un mes se foi superior a un ano.
- b) Será de 10 días de antelación se a súa duración foi superior a 3 meses, de 15 días se foi superior a 6 meses e de un mes se foi superior a un ano.
- c) Será de 5 días de antelación se a súa duración foi superior a 3 meses, de 10 días se foi superior a 6 meses e de 15 días se foi superior a un ano.
- d) Será de 5 días de antelación se a súa duración foi superior a 3 meses, de 10 días se foi superior a 6 meses e de un mes se foi superior a un ano.

59.- Atendendo ó disposto artigo 9 do Real Decreto 1435/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral especial dos artistas en espectáculos públicos, sinala a resposta INCORRECTA respecto do descanso e vacacións:

- a) Os artistas en espectáculos públicos desfrutaran de un descanso mínimo semanal de día e medio, que será fixado de mutuo acordo.
- b) O descanso mínimo semanal non coincidirá con días en que haxa de realizarse ante o público a actividade artística de que se trate, sempre que sexa posible.
- c) Se non é posible o desfrute ininterrompido do descanso semanal poderá fraccionarse, respectando en todo caso, un descanso mínimo ininterrompido de 24 horas, salvo que, mediante pacto individual ou colectivo, se establecera a acumulación por períodos de ata 4 semanas do desfrute do descanso semanal.
- d) Se non é posible o desfrute ininterrompido do descanso semanal poderá fraccionarse, respectando en todo caso, un descanso mínimo ininterrompido de 12 horas, salvo que mediante pacto individual ou colectivo se establecera acumulación por períodos de ata 4 semanas do desfrute do descanso semanal.

60.- De acordo co artigo sétimo da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas:

- a) As pagas extraordinarias, así como as prestacións de carácter familiar, so poden percibirse por un dos postos, calquera que sexa a súa natureza.
- b) As pagas extraordinarias, así como as prestacións de carácter familiar, poden percibirse por todos os postos, calquera que sexa a súa natureza.
- c) As pagas extraordinarias, así como as prestacións de carácter familiar, so poden percibirse polo posto que teña as retribucións básicas de maior nivel, calquera que sexa a súa natureza.
- d) As pagas extraordinarias, así como as prestacións de carácter familiar, poden percibirse polo posto que teña as retribucións básicas de menor nivel, calquera que sexa a súa natureza.

61.- O artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, enumera no seu apartado 2 explicitamente uns réximes especiais, sen prexuízo de demais réximes que poida determinar o Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Indica cal NON está incluído:

- a) Traballadores do Mar.
- b) Estudantes.
- c) Funcionarios públicos, civís e militares.
- d) Persoal ao servizo do fogar.

62.- Conforme ao artigo 24.1 do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, en que prazo prescribirá a acción da Administración da Seguridade Social para impoñer sanción por incumprimento das normas de Seguridade Social?:

- a) 4 anos.
- b) 6 anos.
- c) 10 anos.
- d) 3 anos.

63.- De acordo co artigo 38 do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, o recurso de alzada contra a providencia de constrinximento so será admisible polos motivos enumerados no apartado 3. Sinala a resposta INCORRECTA:

- a) Pago.
- b) Interposición do recurso potestativo de reposición.
- c) Prescrición.
- d) Erro material ou aritmético na determinación da débeda.

64.- De acordo co artigo 216 do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, que prestación NON está recollida expresamente neste artigo para os casos de morte?:

- a) Pensión vitalicia de viuvez.
- b) Pensión de orfandade.
- c) Auxilio por defunción.
- d) Prestación vitalicia de viuvez.

65.- O artigo 28 do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, regula os efectos da falta de pago en prazo regulamentario. Sinala a resposta correcta en relación co disposto en dito artigo:

- a) Cando o ingreso fóra de prazo regulamentario sexa imputable a un erro da Administración, sen que a mesma actúe en calidade de empresario, implicará que non se aplique recargo pero si intereses.
- b) A falta de pago da débeda dentro do prazo regulamentario determinará a aplicación do recargo nos termos establecidos nesta lei.
- c) A falta de pago da débeda dentro do prazo regulamentario determinará a aplicación do recargo e devindicación dos intereses de demora nos termos establecidos nesta lei.
- d) O recargo e os intereses de demora, cando sexan esixibles, ingresaranse independentemente das débedas sobre os que recaian.

66.- Segundo o artigo 12.1 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aos efectos do artigo 7.1, non teñen a consideración de traballadores por conta allea, salvo proba en contrario:

- a) Cónxuxe, descendentes, ascendentes e demais parentes do empresario, por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grado inclusive e, no seu caso, por adopción, ocupados no seu centro ou centros de traballo, cando convivan no fogar e estean ao seu cargo.
- b) Cónxuxe, descendentes, ascendentes e demais parentes do empresario, por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grado inclusive e, no seu caso, por adopción, ocupados no seu centro ou centros de traballo, cando convivan no fogar e estean ao seu cargo.
- c) Cónxuxe, descendentes, ascendentes e demais parentes do empresario, por consanguinidade ata o segundo grado inclusive e, no seu caso, por adopción, ocupados no seu centro ou centros de traballo, cando convivan no fogar e estean ao seu cargo.
- d) Cónxuxe, descendentes, ascendentes e demais parentes do empresario, por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grado inclusive e, no seu caso, por adopción, ocupados no seu centro ou centros de traballo, sen necesidade de que convivan no fogar e estean ao seu cargo.

67.- Conforme ao artigo 173 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, no caso de enfermidade común ou accidente non laboral, o subsidio por incapacidade temporal:

- a) Aboarase a partir do cuarto día de baixa no traballo, se ben desde o día cuarto ao décimo quinto da baixa, ambos inclusive, o subsidio será a cargo do empresario.
- b) Aboarase a partir do primeiro día de baixa no traballo, se ben desde o día primeiro ao décimo quinto da baixa, ambos inclusive, o subsidio será a cargo do empresario.
- c) Aboarase a partir do cuarto día de baixa no traballo, se ben desde o día cuarto ao décimo quinto da baixa, ambos inclusive, un 50% do subsidio será a cargo do empresario.
- d) Aboarase a partir do primeiro día de baixa no traballo, se ben desde o primeiro día ao décimo da baixa, ambos inclusive, o subsidio será a cargo do empresario.

68.- Segundo o artigo 2 da Lei 1/2025, de 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, en que réxime se presta o servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia?:

- a) Xestión indirecta mediante concesión administrativa, a través dos medios públicos de comunicación audiovisual que se integran na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG).
- b) Xestión mixta público-privada.
- c) Xestión mediante fundación pública.
- d) Xestión directa, a través dos medios públicos de comunicación audiovisual que se integran na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG).

69.- Segundo o artigo 12 da Lei 1/2025, de 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, cal dos seguintes principios figura expresamente entre os principios do servizo público de comunicación audiovisual?:

- a) Libre competencia empresarial.
- b) Neutralidade fiscal.
- c) Veracidade da información.
- d) Descentralización administrativa.

70.- Segundo o artigo 27 da Lei 1/2025, de 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, o mandato dos membros do Consello de Administración é renovable?:

- a) As veces que estableza o Parlamento de Galicia.
- b) Por dúas veces.
- c) Por unha soa vez.
- d) O mandato dos membros do Consello de Administración non ten carácter renovable.

71.- Segundo o artigo 34 da Lei 1/2025, de 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, quen elixe á persoa titular da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia?:

- a) O Consello da Xunta de Galicia.
- b) O Consello de Administración.
- c) O Consello Asesor de Participación Social e Profesional.
- d) O Parlamento de Galicia.

72.- Segundo o artigo 48 da Lei 1/2025, de 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, que duración ten o mandato estratéxico que establece os obxectivos xerais da función de servizo público da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia?:

- a) Dous anos.
- b) Tres anos.
- c) Catro anos.
- d) Seis anos.

73.- Segundo o artigo 5 da Lei 13/2022, de 7 de xullo, Xeral de Comunicación Audiovisual, a pluralidade da comunicación audiovisual promoverase mediante:

- a) A existencia exclusiva de medios públicos de comunicación audiovisual.
- b) A limitación do número de prestadores privados para evitar a fragmentación da audiencia.
- c) O fomento dun conxunto de medios públicos, privados e comunitarios que reflectan o pluralismo ideolóxico e político e a diversidade cultural e lingüística da sociedade.
- d) A emisión obrigatoria dun único informativo común para todos os prestadores.

74.- Segundo o artigo 6 da Lei 13/2022, de 7 de xullo, Xeral de Comunicación Audiovisual, a comunicación audiovisual:

- a) Poderá favorecer indirectamente situacións de desigualdade das mulleres sempre que teñan finalidade humorística.
- b) Transmitirá unha imaxe igualitaria e non discriminatoria de mulleres e homes e non favorecerá, directa ou indirectamente, situacións de discriminación por razón de sexo.
- c) Deberá reservar unha porcentaxe mínima da programación a contidos realizados por mulleres.
- d) Garantirá a presenza paritaria de mulleres e homes en todos os programas audiovisuais.

75.- Segundo o artigo 7 bis da Directiva 2010/13/UE, introducido pola Directiva (UE) 2018/1808, que poden adoptar os Estados membro respecto de determinados servizos de comunicación audiovisual?:

- a) Medidas para garantir a adecuada prominencia dos servizos de comunicación audiovisual de interese xeral.
- b) Medidas adecuadas contra o prestador de servizos de comunicación de que se trate.
- c) Unha lista actualizada dos prestadores de servizos de comunicación suxeitos á súa xurisdición.
- d) Códigos de conduta adoptados a escala nacional.

76.- Segundo o artigo 13.1 da Directiva 2010/13/UE, na redacción dada pola Directiva (UE) 2018/1808, que obrigación se establece para os prestadores de servizos de comunicación audiovisual a petición?:

- a) Que a proporción de anuncios de publicidade televisiva e de anuncios de televenta non excederá do 20%.
- b) Que dispoñan dunha porcentaxe de polo menos o 30% de obras europeas nos seus catálogos e garantan a prominencia das devanditas obras.
- c) Que os anuncios illados de publicidade televisiva e de televenta constituirán a excepción.
- d) Que a transmisión de programas infantís poderá ser interrompida por publicidade televisiva unha vez por cada período previsto de trinta minutos.

77.- Segundo o artigo 30 ter.3 da Directiva 2010/13/UE, introducido pola Directiva (UE) 2018/1808, cal é un dos cometidos do "Grupo de Entidades Reguladoras Europeas para los Servicios de Comunicación Audiovisual" (ERGA)?:

- a) Prestar asesoramento técnico á Comisión.
- b) Adoptar medidas adecuadas contra o prestador de servizos de comunicación.
- c) Garantir que os servizos melloren de forma continua e progresiva a súa accesibilidade.
- d) Dispoñer dunha porcentaxe de polo menos o 30% de obras europeas nos seus catálogos.

78.- Segundo o artigo 33 bis.1 da Directiva 2010/13/UE, introducido pola Directiva (UE) 2018/1808, que deben promover os Estados membro?:

- a) O desenvolvemento das capacidades de alfabetización mediática.
- b) A adecuada prominencia dos servizos de comunicación audiovisual de interese xeral.
- c) A cooperación entre as autoridades ou organismos reguladores nacionais.
- d) O establecemento do Grupo de Entidades Reguladoras Europeas para os Servizos de Comunicación Audiovisual.

79.- Como se denomina o público que interactúa cun contido televisivo a través da conversa nunha segunda pantalla?:

- a) Trending topic.
- b) Público virtual.
- c) Audiencia social.
- d) Usuarios interactivos.

80.- Segundo o artigo 31 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, o uso non sexista da linguaxe consiste en:

- a) Utilizar exclusivamente termos neutros en todos os documentos administrativos.
- b) Empregar expresións lingüisticamente correctas que substitúan outras que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto do masculino.
- c) Utilizar sempre o desdoblamento de xénero en todas as comunicacións.
- d) Substituír calquera referencia ao sexo por referencias ao xénero.

81.- Que modelo de negocio combina unha cota de subscrición reducida coa inserción de publicidade nos contidos audiovisuais?:

- a) TVoD.
- b) HVoD.
- c) FVoD.
- d) Híbrido SVoD-AVoD.

82.- Como se denomina a práctica consistente en estrear simultaneamente unha obra audiovisual en varias ventás de explotación, como salas de cine e plataformas dixitais?:

- a) Windowing dinámico.
- b) Day-and-date release.
- c) Simulcast comercial.
- d) Streaming Premium.

83.- Cal das seguintes NON é unha finalidade de A Federación de Organismos ou Entidades de Radio e Televisión Autonómicas (FORTA)?:

- a) A coordinación e apoio na xestión dos correspondentes plans de participación conxunta no mercado publicitario que se determinen polas entidades asociadas.
- b) A coordinación e apoio ás entidades asociadas no intercambio de contidos informativos.
- c) A xestión das redes contratadas para as transmisións multilaterais e unilaterais que leven a cabo as entidades asociadas.
- d) A regulación do espectro radioeléctrico estatal.

84.- Segundo a estrutura organizativa de FORTA, a Presidencia ten carácter:

- a) Permanente e vitalicio.
- b) Rotatorio entre os directores xerais dos organismos públicos asociados.
- c) Electivo por sufraxio universal.
- d) Designado polo Ministerio competente en materia audiovisual.

85.- Cal das seguintes funcións pode asumir a FORTA?:

- a) Conceder licenzas audiovisuais.
- b) Actuar como interlocutor ante institucións europeas.
- c) Aprobar orzamentos autonómicos.
- d) Regular frecuencias radioeléctricas.

86.- Que órgano é considerado máximo responsable dos servizos administrativos da FORTA?:

- a) Presidencia rotatoria.
- b) Consello Audiovisual.
- c) Secretaría Xeral.
- d) Comisión Técnica.

87.- Cales son as partes en que se estrutura o Plan Xeral de Contabilidade español?:

- a) Balance, conta de perdas e ganancias, memoria, estado de fluxos de efectivo e estado de cambios no patrimonio neto.
- b) Marco Conceptual, normas de rexistro e valoración, contas anuais, cadro de contas e definicións e relacións contables.
- c) Activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos e gastos.
- d) Normas internacionais, normas nacionais, contas anuais, auditoría e fiscalidade.

88.- Segundo o Plan Xeral de Contabilidade español, cales son os dous requisitos fundamentais da información contable?:

- a) Legalidade e rendibilidade.
- b) Relevancia e fiabilidade.
- c) Prudencia e devindicación.
- d) Claridade e rapidez.

89.- Segundo o Plan Xeral de Contabilidade español, que tratamento reciben os costes de renovación, ampliación ou mellora do inmovilizado material cando aumentan a súa capacidade, produtividade ou vida útil?:

- a) Contabilízanse sempre como gasto do exercicio.
- b) Incorpóranse como maior valor do inmovilizado.
- c) Rexístranse como existencias.
- d) Contabilízanse como menor importe do patrimonio neto.

90.- Segundo o Plan Xeral de Contabilidade español, como se valorarán inicialmente as existencias?:

- a) Polo seu valor razoable, con cambios imputados directamente ao patrimonio neto.
- b) Polo seu custo, xa sexa o prezo de adquisición ou o custo de produción.
- c) Polo seu valor nominal, minorado polas correccións valorativas acumuladas.
- d) Polo seu valor actual, descontando os fluxos de efectivo futuros esperados.

91.- Segundo o Plan Xeral de Contabilidade español, cando se recoñecerá unha provisión?:

- a) Cando existan pasivos que resulten indeterminados respecto ao seu importe ou á data en que se cancelarán.
- b) Cando a empresa prevexa xenericamente perdas futuras, aínda que non exista unha obrigaón presente.
- c) Cando exista unha simple posibilidade remota de saída de recursos económicos.
- d) Cando se produza unha diminución temporal do resultado contable, aínda que non haxa obrigaón fronte a terceiros.

92.- Segundo o cadro de contas e definicións contables do Plan Xeral de Contabilidade español, como se cualifican contablemente as subvencións reintegrables?:

- a) Como ingresos directamente imputados ao patrimonio neto.
- b) Como pasivos da empresa ata que adquiran a condición de non reintegrables.
- c) Como reservas voluntarias desde o momento da súa concesión.
- d) Como menor valor do inmovilizado financiado.

93.- Segundo o artigo 14 do Real Decreto Legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital, se unha sociedade adquire carácter unipersoal de forma sobrevinda e non se inscribe esta circunstancia no Rexistro Mercantil no prazo legal, que consecuencia pode producirse?:

- a) A sociedade queda automaticamente disolta.
- b) O socio único responde persoal, ilimitada e solidariamente das débedas sociais contraídas durante o período de unipersonalidade.
- c) Os administradores quedan inhabilitados para exercer o cargo.
- d) Anúlanse todos os contratos celebrados pola sociedade.

94.- Segundo o artigo 4 do Real Decreto Legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital, mentres o capital das sociedades de responsabilidade limitada non alcance a cifra de tres mil euros, que porcentaxe do beneficio, como mínimo, deberá destinarse á reserva legal ata que devandita reserva xunto co capital social alcance o importe de tres mil euros?:

- a) O 5%.
- b) O 10%.
- c) O 20%.
- d) O 25%.

95.- Segundo o artigo 363 do Real Decreto Legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital, unha sociedade de capital deberá disolverse:

- a) Pola conclusión da empresa que constitúa o seu obxecto.
- b) Cando un socio venda as súas participacións ou accións.
- c) Cando cambie o domicilio social dentro do mesmo municipio.
- d) Cando se nomee un novo administrador.

96.- Segundo o artigo 22 do Real Decreto Legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital, cal dos seguintes elementos debe constar necesariamente na escritura de constitución dunha sociedade de capital?:

- a) A duración concreta do cargo dos administradores, aínda que os estatutos non a prevexan.
- b) Os estatutos da sociedade.
- c) A previsión detallada de ingresos e gastos dos tres primeiros exercicios sociais.
- d) A relación nominal de todos os traballadores que vaian ser contratados tras a inscrición.

97.- Segundo o artigo 23 do Real Decreto Legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital, cal das seguintes mencións debe incluírse nos estatutos sociais das sociedades de capital?:

- a) O modo de deliberar e adoptar os seus acordos os órganos colexiados da sociedade.
- b) O informe de auditoría das contas anuais do exercicio anterior.
- c) A valoración económica de cada un dos contratos que a sociedade pretenda celebrar durante o primeiro exercicio.
- d) A autorización administrativa previa para iniciar calquera actividade económica.

98.- Segundo o Real Decreto Legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital, cal é a diferenza básica entre accións e obrigacións?:

- a) As accións representan partes do capital social, mentres que as obrigacións representan débeda emitida pola sociedade.
- b) As accións só poden emitirse por sociedades limitadas, mentres que as obrigacións só poden emitirse por sociedades anónimas.
- c) As accións non poden transmitirse, mentres que as obrigacións son sempre intransmisibles.
- d) As accións só existen en sociedades limitadas e as obrigacións só en cooperativas.

99.- Unha sociedade adquire unha máquina por 120.000 €. Para financiala recibe unha subvención oficial non reintegrable de 30.000 €. A máquina ten unha vida útil de 10 anos e amortízase linealmente. Non ten valor residual. Que importe da subvención debe imputarse anualmente ao resultado do exercicio?:

- a) 30.000 €.
- b) 12.000 €.
- c) 3.000 €.
- d) 9.000 €.

100.- Nunha sociedade anónima, un accionista non atende en prazo un desembolso esixido sobre as accións que subscribiu, que afirmación é correcta?:

- a) O socio queda automaticamente liberado da súa obriga.
- b) A sociedade debe recoñecer a situación de morosidade do socio polo desembolso esixido pendente.
- c) O importe pendente rexístrase como ingreso extraordinario.
- d) A débeda do socio convértese automaticamente en subvención.

PREGUNTAS DE RESERVA

(CONTESTAR NA FOLLA DE RESPOSTAS DO NÚMERO 141 AO 145)

R1.- De acordo do artigo 27 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo de Galicia, se as autoridades ou funcionarios dificultasen ou entorpecesen a actuación do Valedor do Pobo, do seu adxunto ou delegados; entón o Valedor:

- a) Poderá abrir un expediente sancionador directamente.
- b) Dará conta ao superior xerárquico e, no seu caso, ao Ministerio Fiscal para o exercicio das accións que poidan proceder.
- c) Dará conta ao Parlamento de Galicia para o exercicio das accións que poidan proceder.
- d) Dará conta ao Ministerio Fiscal para o exercicio das accións que poidan proceder.

R2.- Segundo o artigo 29.3 da Lei 1/2016, o acceso da cidadanía á información do Portal de Transparencia e Goberno Aberto será:

- a) Gratuíto e respectará os principios de accesibilidade, interoperabilidade e reutilización.
- b) Gratuíto unicamente para as persoas empadroadas en Galicia.
- c) Gratuíto agás para a descarga de documentos en formatos reutilizables.
- d) De pagamento cando a información sexa solicitada por medios electrónicos.

R3.- Segundo o artigo 1 do Real Decreto Lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital, son sociedades de capital:

- a) A sociedade de responsabilidade limitada, a sociedade anónima e a sociedade colectiva.
- b) A sociedade de responsabilidade limitada, a sociedade anónima e a sociedade comanditaria por accións.
- c) A sociedade civil, a cooperativa e a sociedade laboral.
- d) A sociedade limitada nova empresa, a asociación e a fundación.

R4.- Segundo o artigo 109 do convenio colectivo da CSAG para os efectos de unidades electorais para eleccións sindicais, a empresa divídese nos seguintes centros de traballo:

- a) Servizos centrais en Santiago de Compostela.
- b) Servizos centrais en Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo, Madrid, Ourense e Vigo.
- c) A Coruña, Lugo, Madrid, Ourense e Vigo.
- d) Servizos centrais en Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.

R5.- Segundo o artigo 23 da Lei 1/2025, de 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, cal dos seguintes órganos ten carácter de órgano de participación externa da sociedade galega e interna das persoas profesionais dos medios públicos de comunicación audiovisual integrados nela?

- a) A Comisión de Economía e Control.
- b) A Dirección Xeral.
- c) O Consello de Administración.
- d) O Consello Asesor de Participación Social e Profesional.